



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Xestión da Investigación Sanitaria	Código	653862304d	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Fuentes Boquete, Isaac Manuel	Correo electrónico	i.fuentes@udc.es	
Profesorado	Díaz Prado, Silvia María Fuentes Boquete, Isaac Manuel Pereira Saez, Maria Carolina Rivas Pala, Pedro	Correo electrónico	s.diaz1@udc.es i.fuentes@udc.es c.pereira.saez@udc.es pedro.rivas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é coñecer as estruturas de investigación sanitaria, as convocatorias públicas e privadas de financiamento da investigación en Ciencias da Saúde, os mecanismos de protección xurídica das creacións derivadas da investigación e o sistema de acreditación e certificación da investigación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1. Adquirir as ferramentas básicas que permitan xestionar a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, atendendo á transferencia de tecnoloxía e aos dereitos de propiedade e de patentes.	AI1	BI1	C11
	AI2	BI3	C15
	AI3	BI4	C18
	AI4	BI5	C19
	AI5	BI7	
		BI9	
		BI10	
		BI12	
2. Coñecer os diferentes programas e plans de financiamento da investigación, tanto os propios da Universidade como os das distintas administracións.	AI1	BI1	C11
	AI2	BI4	C15
	AI3	BI7	C18
	AI4		C19
	AI5		
3. Familiarizarse cos diferentes escenarios e mecanismos nos que se leva a cabo a chamada transferencia tecnolóxica.	AI1	BI1	C11
	AI2	BI3	C15
	AI3	BI4	C18
	AI4	BI7	C19
	AI5		

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Estruturas de investigación.	1.1. Equipos de investigación. O/A investigador/a principal. 1.2. Estruturas de investigación en España: Organismos Públicos de Investigación e Instituto de Salud Carlos III. Centros do Sistema Nacional de Saúde. Universidade.
2. Financiamento da investigación.	2.1. Estratexias autonómica, estatal e comunitaria europea. Convocatorias privadas. 2.2. Financiamento da formación, estabilización e mobilidade de investigadores/as. 2.3. Financiamento de proxectos e adquisición de infraestruturas.
3. Acreditación e certificación.	3.1. Criterios de acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria. Caso español. 3.2. Requisitos dun proxecto de I+D+i. Certificación de proxectos de I+D+i.
4. Marco xurídico e conceptual da investigación sanitaria.	4.1. Investigación sanitaria. Liberdade de investigación. 4.2. Regulación xurídica da investigación sanitaria. Lexislación de referencia: marcos autonómico, estatal, comunitario europeo e internacional. 4.3. Aspectos éticos e sociais da investigación sanitaria.
5. Protección xurídica das creacións derivadas da investigación.	5.1. Propiedade intelectual. Dereitos de autor. 5.2. Propiedade industrial. Patentes.
6. Avaliación e monitorización de estudos e proxectos de investigación.	6.1. Avaliación e seguimento da investigación. 6.2. Comités de ética da investigación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B7 C1 C5 C8 C9	0	20	20
Foro virtual	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B7 C1 C5 C8 C9	0	10	10
Lecturas	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B7 C1 C5 C8 C9	0	28	28
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B7 C1 C5 C8 C9	1	0	1
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B5 B7 B9 B10 B12 C1 C5 C8 C9	0	15	15
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Conxunto de procedementos de ensinanza-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar o aprendizaxe persoal e o dos outros membros do grupo.
Foro virtual	Estudo dirixido a través de material multimedia (clases gravadas, vídeos, presentacións power point, documentación complementaria en formato pdf).
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.



Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.
Traballos tutelados	Actividade final que reflicte o dominio teórico e metodolóxico da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Análise de fontes documentais	<p>Ao tratarse dun grupo reducido de alumnos, é posible a resolución de dúbidas e o seguimento individualizado durante o mesmo proceso de aprendizaxe.</p> <p>ATENCIÓN PERSONALIZADA PARA O CONXUNTO DO ALUMNADO</p> <p>A atención personalizada sirve para o seguimento da aprendizaxe de cada estudante por parte do profesorado. A través da titoría (presencial ou a distancia), o profesorado aborda a resolución de dúbidas e orienta ao estudo. A tal fin, o alumnado dispón dun horario oficial de titorías, que poderán realizarse de modo presencial ou a través dos medios institucionais da UDC de atención a distancia.</p> <p>ATENCIÓN PERSONALIZADA PARA O ALUMNADO CON DEDICACIÓN PARCIAL OU DIFICULTADES PARA CONCILIAR O ESTUDO COA VIDA FAMILIAR E/OU LABORAL</p> <p>A atención personalizada para o alumnado que, de modo xustifico, ten dificultades para conciliar o estudo coa vida familiar e/ou laboral, poderá realizarse:</p> <ul style="list-style-type: none">· Nas condicións establecidas para o conxunto do alumnado.· A demanda, previa solicitude por correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B7 C1 C5 C8 C9	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.	50
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B3 B4 B5 B7 B9 B10 B12 C1 C5 C8 C9	Actividade final que reflicte o dominio teórico e metodolóxico da materia.	50

Observacións avaliación



A nota final

será a suma da nota obtida en cada metodoloxía de avaliación, sendo necesario para aprobar:

b. Que a

suma da nota das dúas metodoloxías de avaliación sexa igual ou superior a 5.0.

a. Que en

cada parte se obteña polo menos un 3,5 sobre 10.

PLAXIO

En caso de

plaxio, aplicarase o seguinte:

.

Cualificación de suspenso na

convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en

que se cometese: o/a estudante será cualificado/a con ?suspenso?

(nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,

tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade

como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación

na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

REALIZACIÓN

FRAUDULENDA DAS PROBAS OU ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

A realización

fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada,

implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a

falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará un

non presentado nesta oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Bellver Capella, Vicente, "Por una bioética razonable: medios de comunicación, comités de ética y derecho", Granada, Comares, 2006.- Curto Polo, Mercedes, "La materia biológica como invención patentable", Aranzadi, Cizur Menor, 2016.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

